

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO  
CORRESPONDENTE O DIA 18 DE XULLO DO 2002**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día dezaoito de xullo do dous mil dous; ás oito da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández que se incorpora no punto 3º, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Maria José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge que se incorpora no punto 3º, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Antes de comeza-la sesión Don Miguel Fidalgo Areda voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., co asentimento de todos os membros da Corporación, quere facerlle chega-lo pésame a familia de Dona María Eugenia Tizón Fernández, ex-concelleira do grupo municipal do P.S.O.E., con motivo do seu falecemento acaecido hai uns días.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE XUÑO PASADO (Ordinaria).-**

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 27 de Xuño pasado (Ordinaria).

**2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 30 de abril, sobre aboamentos.

Do 31 de maio, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño, sobre aboamentos.

Do 18 de xuño, sobre aboamentos.

Do 26 de xuño, dúas sobre aboamentos.

Do 26 de xuño, sobre horario de apertura ó público das instalacións deportivas municipais.

Do 27 de xuño, dúas sobre aboamentos

Do 27 de xuño, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 28 de xuño, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño, sobre delegación da Alcaldía a prol do Segundo Tenente de Alcalde, Don Celso Sotelo Barroso.

Do 29 de xuño, sobre aboamentos.

Do 1 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 1 de xullo, tres sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 2 de xullo, sobre aboamentos.

Do 2 de xullo, sobre inclusión no Padrón de Habitantes.

Do 3 de xullo, sobre aboamentos.

Do 3 de xullo, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 3 de xullo, sobre ratificación de Convenio Xunta-Fegamp.

Do 4 de xullo, sobre aboamentos.

Do 5 de xullo, sobre aboamentos.

Do 5 de xullo, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 5 de xullo, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 8 de xullo, sobre aboamentos.

Do 8 de xullo, dúas sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 9 de xullo, tres sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 9 de xullo, sobre aboamentos.

Do 10 de xullo, dúas sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 11 de xullo, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 12 de xullo, dúas sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 12 de xullo, sobre aboamentos.

Do 15 de xullo, sobre aboamentos.

Do 15 de xullo, sobre contratación de persoal.

Do 16 de xullo, sobre contratación de persoal.

### **3.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2001.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 20 de maio que di:"Don Secundino Rodríguez Gómez, Presidente efectivo da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, dá conta do seguinte: "**Don Celso Sotelo Barroso, Alcalde-Presidente accidental do Concello de Ribadavia** en relación co expediente de tramitación da Conta Xeral do exercicio de 2001, propón a Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas que acade o seguinte:

#### **DICTAME DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2001.-**

A intervención formou a conta xeral correspondente ó exercicio de 2001, de acordo co disposto no título II da Instrucción de contabilidade para a Administración Local do 17 de Xullo de 1990, que esta integrada exclusivamente pola do Concello de Ribadavia.

A Comisión especial de Contas e informativa de Facenda, considerando que constan no expediente tódolos documentos esixidos pola lexislación vixente informa favorablemente a referida conta, e que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, igualmente hábiles, os interesados poidan presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co artigo 193 da Lei Reguladora das Facendas Locais. Ribadavia, 15 de Maio do 2002".-

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para preguntar polo grao de cumprimento do presuposto así como tamén polo plano de saneamento aprobado pola Corporación.

Resposta Don Secundino Rodríguez Gómez, para sinalar que dará conta nos vindeiros días desta cuestións así como tamen convocará unha comisión extraordinaria para dar conta do proxecto dos presupostos para esta anualidade. Finaliza a súa intervención dicindo que o plan de aforro vaise cumprindo.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que lle parece impresentable que o concelleiro de facenda con adicación parcial presente a Conta Xeral e non dé ningún tipo de explicación nin informe sobre a mesma, sobre todo despois dun ano sen ter practicamente comisións informativas; dí que habería que facer un mellor seguimento da situación económica do Concello; continúa dicindo que a xestión económica do Concello baixo a responsabilidade do Sr. Alcalde e do propio Concelleiro de Facenda e unha plaga de anómalias, como por exemplo o modo de dispor das operacións de tesourería, acordos de pago ou recoñecemento de obrigas de forma caprichosa sen seguir a prelación que establece a lei; dí que se trata dunha conta xeral sen contido e que non obedece a ningún plano económico. Finaliza a súa intervención dicindo que non hai no expediente relación de ingresos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago, sinalando que unha área con adicación merecería unha atención maior, xa que pensa que o que se trata é de cubrir o expediente, anunciando o seu voto en contra.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a votación ordinaria o dictame da Conta Xeral de 2001, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro ( P.P e Grupo Mixto); votos en contra, dous (P.S.O.E.); abstencións, unha ( B.N.G.).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente a devandita Conta Xeral".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para reiterar o manifestado na comisión informativa sobre o plano de saneamento e o seu grao de incumprimento; dí que o grupo de goberno non quere profundizar na situación económica do Concello nin adoptar medidas serias para buscarlle solución o problema, dicindo que o único que lle preocupaba era a aprobación dos presupostos. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra xa que o seu grupo non se considera responsable desta Conta Xeral.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifestar que o grupo de goberno actúa con alegría cando se elaboran e aproban os presupostos mentras que os invade a tristeza cando someten a aprobación a Conta Xeral; dí que esta conta xeral é o resultado do fracaso dun proxecto económico; reitera o manifestado na comisión informativa indicando que o palpable fracaso da Conta ven determinado polas modificacións presupostarias que se fixeron o longo do ano; pensa que houbera sido posible facer un plano de saneamento e quere que conste en acta o dito polo Sr. Interventor no seu informe sobre o remanente de tesourería, o cál o ser negativo, o Concello debe adoptar algunha das medidas previstas na Lei, cuestión que non fai o grupo de goberno.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que dita Conta estivo exposta o público e todo o mundo tivo acceso a documentación; dí que o debate de hoxe é a conta xeral e non os presupostos; sinala que a situación económica do Concello non é boa e que non se pode solucionar nun ano, se ben pensa que nos derradeiros anos mellorouse. Finaliza a súa intervención dicindo que a hora de analiza-lo ingresos habera que ter en conta tanto a recadación voluntaria como a executiva.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita Conta Xeral 2001, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a Conta Xeral 2001.

De seguido o Sr. Alcalde intervén para preguntar se existe inconveniente en que os dous seguintes puntos do orde do día se traten conxuntamente, mostrando a súa conformidade os membros da Corporación.

#### **4.- APROBACION, SE PROCEDE DO PROXECTO DE RECUPERACION DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA. INFRAESTRUCTURAS XERAIS. CONEXION GARCIA BOENTE-EXTRAMUROS.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o pasado 15 de Xullo que di:"Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do proxecto obxecto do epígrafe redactado polo enxeñeiro de camiños, Don Manuel Duran Fuentes, cum importe de 240.504,78 euros, sinalando que o mesmo foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio con data 13 de maio pasado, así como tamén pola

Comisión de Seguimento do P.E.R.I., na súa sesión celebrada o pasado día 11 de xullo.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para solicitar informe de Tedesa sobre o previsto en materia de abastecemento e saneamento, así como tamén para solicitar que se entablen conversacións con Unión Fenosa e Telefónica para coordinar as acometidas de ditos servicios.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para reiterar o manifestado na comisión informativa, sinalando que estas obras supoñen a continuación das que se levan facendo no casco histórico. Finaliza a súa intervención dicindo que estas obras deben ir acompañadas de melloras nos inmobles do Casco Histórico.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifestar a súa alegría porque estes proxectos vaian para adiante, sinalando que lle gustaría que todo o casco histórico tivese o mesmo tratamento; alegrese do informe de Patrimonio, o cual e diferente do feito por dito organismo para outras actuacións (Alameda, ábside de Santiago ou Praza Maior). Finaliza a súa intervención apoiando a proposta do grupo socialista, no senso de solicitar informe a Tedesa e de coordinar con Fenosa e Telefónica as acometidas de ditos servicios.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para anunciar que o seu grupo vai a votar a prol, indicando que as rúas que se propoñen teñen un criterio preferente; solicita que se teña en conta na execución da obra as condicións de Patrimonio, así como tamén alegrese polo cambio do técnico. Finaliza a súa intervención solicitando que se fagan con axilidade as acometidas as casas e que solicite informe a Tedesa sobre o proxecto.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que con estes proxectos continuase a liña de potenciación do casco histórico, esperando que as obras rematen canto antes para disfrute dos veciños.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para solicitar a participación dos grupos da oposición na fixación de prioridades de actuación no Casco Histórico e na vindeira sesión da comisión de seguimento se poida tratar dita cuestión.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

**5.- APROBACION, SE PROCEDE DO PROXECTO DE RECUPERACION DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA. INFRAESTRUCTURAS XERAIS. ENTORNO IGREXA DE SANTIAGO.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o pasado 15 de Xullo que di:"Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do proxecto obxecto do epígrafe redactado polo enxeñeiro de camiños, Don Manuel Duran Fuentes, cum importe de 385.270,97 euros sinalando que o mesmo foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio con data 13 de maio pasado, así como tamén pola Comisión de Seguimento do P.E.R.I., na súa sesión celebrada o pasado día 11 de xullo.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para solicitar informe de Tedesa sobre o previsto en materia de abastecemento e saneamento, así como tamén para solicitar que se entablen conversacións con Unión Fenosa e Telefónica para coordinar as acometidas de ditos servicios.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G..- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

**6.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, DA SECCION LOCAL DO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑIA E DAS TAXAS POLA PRESTACION DE TALES SERVICIOS.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios,

Medio Ambiente, Persoal e Rexime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 15 de Xullo que di:"Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA,** propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexitro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servicios.

SEGUNDO.- Expoñer o público a devandita Ordenanza polo prazo de trinta días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presenta-las suxestións e reclamacións que xulguen oportunas. De non habelas, a ordenanza entenderase aprobada definitivamente. Ribadavia, 11 de Xullo de 2002".

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro ( P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para sinalar que con esta ordenanza trata de atallarse unha problemática existente; dí que a ordenanza ven proposta pola Fegamp, é o único que solicita é que unha vez aprobada se aplique.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do B.N.G., para manifestar que o seu grupo apoia a ordenanza non porque veña da Fegamp, senon porque pensa que é necesaria dado o ambiente social que se creou sobre este tema.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifestar o seu apoio a dita ordenanza, se ben pensa que se perdeu unha oportunidade de regular outras cuestións semellantes, como por exemplo a recollida de can abandonados ou o tema dos cans asilvestrados.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que a ordenanza é necesaria dada a sensibilidade que existe sobre este tema; en canto



os cans abandonados dí que existe un convenio cunha asociación de animais do Carballiño, os cáles están a prestar dito servizo, indicando que dentro das posibilidades do Concello estase dando resposta o problema.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación inicial ou non da devandita ordenanza, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada inicialmente por

unanimidade dita ordenanza.

De seguido transcríbese o texto integro da Ordenanza obxecto de aprobación:

**"ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, DA SECCION LOCAL DO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑIA E DAS TAXAS POLA PRESTACION DE TALES SERVICIOS**

**EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

A Lei 50/1999, de 23 de decembro, dictada ó amparo do Artigo 149.1.29 da Constitución Española, que atribue o Estado as competencias en materia de seguridade pública, asigna no Artigo 3 os Concellos a competencia para conceder a Licencia Administrativa que habilite para a tenencia de animais potencialmente perigosos. Ademais, no seu Artigo 6, establece que en cada Concello existirá un Rexistro de animais potencialmente perigosos.

A Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade impón a súa vez os Concellos a obriga de recollida dos animais abandonados e no Artigo 27 do Decreto 153/1998 que a desenrola obriga a censar a nivel municipal a tódolos animais da especie canina.

A Comunidade Autónoma de Galicia, desenrola ambas Leis de forma harmónica, no Decreto 90/2002. Ú unha das competencias propias que se lle recoñecen no Artigo 3.2 da citada Lei 50/1999 en cuio amparo se aproba tamén esta Ordenanza.

En consecuencia, e de conformidade coas disposicións citadas, e o amparo da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os Artigos 15 e 20 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a Corporación aprobou esta Ordenanza:

## **CAPITULO 1.- DISPOSICIOS XERAIS**

Artigo 1.- Obxecto.

1.- E obxecto da presente Ordenanza, a regulación da concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calesquera animais clasificados como potencialmente perigosos, os que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula la Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos e a inscrición na Sección Local do Rexistro Galego de Animais de Compañía e das Taxas pola concesión e renovación das Licencias e Inscricións indicadas.

2.- Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes as Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 2.- Definición de Animal Potencialmente Perigoso.

1.- Se consideran animais potencialmente perigosos, tódolos que pertencendo a fauna salvase, sendo utilizados como animais domésticos, ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan capacidade de causa-la morte ou lesións as persoas ou a outros animais e danos a cousas.

2.- En particular terán a calificación de potencialmente perigosos, os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen pola Comunidade Autónoma de Galicia, en particular os pertencentes a especie canina definidos no Artigo 2.2 do Decreto 90/2002, de 28 de Febreiro, polo que se regula la Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos.

3.- En todo caso, aqueles cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. Esta agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio, ou previa notificación ou denuncia, e despois dun informe dun adestrador ou veterinario designado ó efecto.

## **CAPITULO II.- DA LICENCIA MUNICIPAL**

### Artigo 3.- Licencia Municipal

1.- A tenencia no municipio de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente Licencia Municipal.

2.- Están obrigados a obtención de Licencia Municipal para a tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos os propietarios ou tecedores dos mesmos incluídos no Padrón de Habitantes, así como os establecementos ou asociacións, con sede neste municipio, que alberguen animais potencialmente perigosos ás que se refire o Decreto 90/2002 de 28 de febreiro da Comunidade Autónoma Galega e se dediquen a súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollida, residencia, centros recreativos e establecementos de venda colocados neste municipio.

3.- Os propietarios de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste municipio deberán acreditar, cando se encontren residindo temporalmente no mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenencia da licencia no municipio de orixe.

4.-Nos casos de inscrición de animais como consecuencia de haber efectuado anteriores ataques a persoas, animais ou cousas, no Concello, unha vez coñecida a resolución ou sentenza, de oficio ou a instancia de calquera interesado directo, e previa tramitación de expediente administrativo con audiencia do interesado, requirirá o propietario mediante resolución da Alcaldía, ó obxecto de que en prazo dun mes proceda a solicitude de licencia, efectuándose en caso contrario a retirada e depósito do animal de conformidade co establecido no artigo 9 desta Ordenanza.

### Artigo 4.- Requisitos para a obtención da Licencia.

1.- Para a obtención da Licencia administrativa con destino a tenencia de calesquera animais clasificados como potencialmente perigosos será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

0) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionar os coidados necesarios ó animal.

1) Non haber sido condenados por delitos de homicidio, lesións, torturas contra liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar

privado por resolución xudicial do dereito a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2) Non haber sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das prevista no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999 de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, no seu caso, renovación da licenza, haber sido sancionado coa suspensión temporal da mesma, sempre que, no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta fora cumprida integramente.

3) Dispoñer de certificado de aptitude psicolóxica e de capacidade física para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

4) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan causar os seus animais na contía mínima de 125.000 Euros.

2.- Os requisitos esixidos deberán manterse vixentes durante todo o período da tenencia do animal; a perda dos mesmos dará lugar a revisión da Licencia nos termos recollidos no artigo 9 desta Ordenanza.

Artigo 5.- Vixencia das licencias.

1.- As licencias terán unha vixencia de cinco anos, a finalización da que deberán ser obxecto de renovación, debendo acreditarse en cada exercicio, para o seu mantemento:

0) A subscrición do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.

1) A expedición do certificado de sanidade animal, expedido por autoridade competente, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigosos.

2.- A condena por calquera dos delitos recollidos no apartado b) do artigo anterior dará lugar á revisión da licenza polo Concello.

Artigo 6.- Acreditación.

1.- A identificación da tenencia da Licencia Municipal de animais potencialmente perigosos acreditarase mediante entrega de certificación relativa a mesma.

2.- Por cada can que se posúa, expedirase unha tarxeta identificativa na que se fará constar os seguintes datos:

- 0) de Licencia Municipal.
- 1) Código de identificación do can.
- 2) Raza.
- 3) Titular da licencia e D.N.I..
- 4) de Rexistro Municipal.

No dorso, se farán constar as persoas autorizadas polo titular da Licencia para uso temporal e transporte do animal.

Artigo 7.- Documentación.

1.- Para a expedición da tarxeta identificativa de cada can requirirase a apartación dos seguintes datos:

- 0) Raza e sexo do animal.
- 1) Ano de nacemento.
- 2) Domicilio habitual do animal
- 3) Especificación se está destinado a convivir cos seres humanos ou se pola contra, ten dificultades distintas coma a garda, protección ou outra que se indica.
- 4) Nome do propietario
- 5) Domicilio do propietario.
- 6) DNI do propietario
- 7) Nome ou razón social e domicilio do vendedor ou cedente
- 8) Póliza de seguro de responsabilidade civil.
- 9) Certificado de aptitude psicolóxica e física nos termos recollidos nos artigos 4 e 5 do RD 287/2002 de 22 de marzo.
- 10) Certificado de penais
- 11) Certificado de sanidade animal expedido por autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de

enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigosos.

12) Xustificante do abono da Taxa por expedición da Licencia Municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

13) Certificado sanitario de esterilización se se efectuou a mesma.

14) Memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais conforme o artigo 3.4 do Decreto 90/2002, no seu caso.

15) Facturas e xustificante da adquisición.

Os citados datos e, no seu caso, a documentación oportuna, deberá facilitala o adquirente do animal no prazo de quince días a contar dende a súa tenencia efectiva.

2.- O certificado de sanidade animal deberá ser expedido polos Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado.

3.- Para a renovación da Licencia Municipal deberá aportarse a seguinte documentación:

0) Solicitude de renovación.

1) Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil.

2) Copia compulsada do certificado médico de sanidade animal efectuado nunha data non anterior a dous meses a da renovación da licencia.

3) Xustificante do abono da Taxa Municipal

4) Certificado de capacidade física

5) Certificado de aptitude psicolóxica.

Artigo 8.- Órgano competente para a concesión das Licencias Municipais.

1.- As licencias Municipais para a tenencia de animais potencialmente perigosos, se concederán mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia en materia de Licencias, previa acreditación da incorporación da documentación esixida na presente ordenanza.

Artigo 9.- Revisión, perda de licencias e depósito de animais.

1.- A perda de calquera dos requisitos esixidos no artigo 4 desta Ordenanza, dará lugar a revisión das licencias municipais concedidas e a súa retirada previa tramitación de expediente contradictorio.

2.- A retirada da licencia dará lugar a perda do dereito a tenencia do animal e a obriga do interesado do proceder, no prazo máximo de dez días a contar dende a recepción do requirimento, a súa entrega e depósito no establecemento adecuado o efecto ata a obtención da mesma, salvo que o animal sexa obxecto de entrega a outro propietario ou sacrificio nos termos establecidos nos artigos 58,59 e 60 do Decreto 153/1998 da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- En caso de incumprimento da obriga de depósito procederá a súa execución subsidiaria polo Concello, ou a Comunidade Autónoma, a través dos seus servicios ou mediante empresa contratada, sendo os gastos que tal actuación conleva a cargo e conta do antigo titular da licencia.

4.- O Concello poderá retirar dos espazos públicos e depositar de oficio en establecemento adecuado, sen necesidade de previo requirimento, a aqueles animais potencialmente perigosos nos que se aprecie unha situación de abandono ou perigosidade para os usuarios das vías e espazos de uso común ou circulen por estes sen a debida protección ou control do seu propietario ou tecedor.

5.- Igualmente o Concello poderá retirar e depositar en establecemento adecuado aqueles animais potencialmente perigosos que non dispoñían da correspondente tarxeta de identificación no municipio de orixe ata tanto se acredite tal circunstancia polo titular do mesmo.

6.- A falta de licencia municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos dará lugar a un único requirimento municipal para a súa obtención no prazo de dez días e a retirada e depósito dos animais, nos termos establecidos neste artigo.

### **CAPITULO III.- DO REXISTRO MUNICIPAL**

Artigo 10.- Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- Crease o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, coio tratamento será informatizado, no que se

fará constar con carácter obrigatorio de acordo con Decreto 90/2000, de 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- 0)Código identificador do animal.
- 1)Zona de aplicación.
- 2)Especie.
- 3)Raza. En cruzamento de primeira xeración se especificará as razas de procedencia.
- 4)Sexo.
- 5)Descrición da capa.
- 6)Data de nacemento do animal.
- 7)Dirección habitual do animal.
- 8)Outros signos identificatorios non definitivos (tales como un tatuase ou un número de chapa se o animal foi censado nun censo municipal anteriormente).
- 9)Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- 10)Nome e apelidos do propietario do animal.
- 11)Dirección do propietario do animal.
- 12)Teléfonos de contacto do propietario do animal.
- 13)DNI do propietario do animal.
- 14)Nome, dirección, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza a marcaxe.
- 15)Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento o propietario.
- 16)Data de alta no rexistro.
- 17)Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou



cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

18)Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.

19)Copia da licenzia municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

20)Datos do centro de adestramento, se fora o caso.

21)Incidentes de agresión, se fora o caso.

2.- Os propietarios dos animais serán os responsables de identifica-los animais e de sufraga-los gastos que esto ocasione, independentemente do lugar de residencia de ditas persoas. A identificación definitiva supora un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

3.- O rexistro municipal é un rexistro de carácter público, o que terán acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes no mesmo. A estes efectos considerarase, en todo caso, interese lexítimo o que ostenta calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características, así como aquelas que sufriran calquera tipo de agresión polo animal e desexen exercer-las accións correspondentes en calquera vía xurisdiccional, para o que deberán acreditar previamente a interposición da correspondente denuncia.

4.- En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos Persoais.

Artigo 11.- Inscripción no Rexistro.

1.- A inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase de oficio polo Concello trala concesión da Licenzia Municipal regulada no artigo 3 da presente Ordenanza.

2.- Non obstante, será igualmente obrigatoria a instancia do interesado, a inscrición no rexistro municipal, en sección aberta o efecto, cando se efectúe o traslado dun

animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, debendo proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar dende o inicio da residencia no municipio.

3.- Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contrario polo interesado, nos casos de cambio de residencia do titular do mesmo en cuio caso será preciso a acreditación da obtención da licenza no municipio de orixe anterior, procedendo a renovación da licenza nos casos previstos na presente Ordenanza.

4.- Das inscricións que se efectuen no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos darase traslado o Organo correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- Igualmente nos casos de cambio de residencia dende o municipio sen prexuízo da obriga do interesado de dar conta do traslado do animal, notificárase o Concello do municipio de nova residencia a titularidade por parte do interesado dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 12.- Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da venda, traspaso, cesión ou morte do animal.

2.- Igualmente procederase a baixa no Rexistro no caso de traslado da residencia do titular do animal a municipio distinto e así quede acreditado xa sexa a instancia do interesado ou de oficio polo Concello.

3.- Farase figurar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia de recollida dos mesmos da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

Artigo 13.- Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía.

1.- O amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4 da Lei 30/1992, establecece unha Sección Local da Sección do Rexistro de Identificación de Animais de Compañía, limitada os cans residentes no termo municipal, que formaranse cos datos que o efecto se remitan polo Rexistro Galego. Cos datos contidos na Sección do Rexistro, formarase en data

31-12 de cada ano, o Censo o que se refire o artigo 27 do Decreto 153/1998.

2.- Neste Rexistro farase constar a información contida no apartado 5 do artigo 5 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se recollen tamén nas letras da a) é s) do apartado 1 do artigo 10 da presente Ordenanza.

Artigo 14.- Circulación e permanencia do cans en vías públicas e locais.

1.- Nas vías públicas e os espacios naturais protexidos os cans irán suxeitos con cadea ou correa.

2.- Os cans guía poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, sempre que vaian acompañados polo seu dono e cumpran as condicións hixiénicas, sanitarias e de seguridade que prevén as Ordenanzas.

3.- Queda expresamente prohibida a entrada ou estancia de animais domésticos en toda clase de locais destinados a fabricación, almacenamento, transporte, venda ou manipulación de alimentos.

4.- Queda asemade prohibida a entrada ou estancia de animais domésticos en restaurantes, bares, cafeterías e similares.

5.- Prohíbese a circulación ou a estancia de cans e outros animais nas piscinas públicas e locais de espectáculos públicos, deportivos e culturais e nos recintos escolares.

6.- Os titulares de estes locais deberán colocar na entrada dos establecementos e en lugar visible o sinal identificativa de esta prohibición.

7.- Quedan exentos das prohibicións anteriores os cans guía que acompañen a persoas invidentes.

8.- Queda prohibido deixar as deposicións fecais dos cans nas vías públicas. Os propietarios de cans son responsables de recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de Basura domiciliaria, ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta finalidade.

9.- Queda expresamente prohibido que os cans accedan as zonas de xogo infantil das prazas e parques do municipio.

10.- Prohíbese lavar animais na vía pública e fontes, así como darlles de beber auga amourados ás billas das fontes públicas.

11.- Conforme ó establecido no Artigo 112 apartado 5 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro da Comunidade Autónoma de Galicia, os cans catalogados como potencialmente perigosos terán que circular polas vías públicas e en lugares e espacios de uso público en xeral, atados con cadea ou correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros, provistos da correspondente buceira homologada e adecuada para a súa raza, e en ningún caso, poderán ser conducidos por un menos de 16 anos.

#### **CAPITULO IV.- INFRACCIONS E SANCIONS**

Artigo 15.- Infraccións.

1.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves, as previstas no Artigo 13.1 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, do Estado, así como as establecidas no Artigo 21 da Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves, as previstas no Artigo 13.2 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, do Estado, así como as establecidas no Artigo 21 da Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Son infraccións administrativas leves o incumprimento de calquera das obrigas establecidas nesta Ordenanza, na Lei 50/1999, de 23 de decembro do Estado e na Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia non comprendidas nos párrafos anteriores e cúa competencia corresponda ó Concello, conforme ó previsto no Artigo 20.3 a) do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular os seguintes:

0)A non presentación no prazo requirido da documentación complementaria esixida no artigo 6.2 desta Ordenanza.

1)A non renovación no prazo dun mes da licenza concedida para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2)A non presentación cando lle sexa requirida da licenza do municipio de orixe de animais potencialmente perigosos polos propietarios non aveciñados neste municipio.

## Artigo 16.- Sancións.

1.- As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas cuíñas contías serán as fixadas no Artigo 13.5 da Lei 50/1999 do Estado e no Artigo 24 da Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no Artigo anterior desta Ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, decomiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

## Artigo 17.- Responsable.

1.- Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión das mesmas, o propietario ou tecedor dos animais, ou no seu caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

## Artigo 18.- Procedemento Sancionador.

1.- O procedemento sancionador aplicable rexerese polo establecido na Lei 50/1999, de 23 de decembro así como a Lei 30/92 de 26 de novembro e normas de desenrolo.

## Artigo 19.- Exercicio da Potestade Sancionadora.

1.- Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos Artigos 24.2 da Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia serán:

0) Por infraccións leves, o Alcalde.

1) Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

2) Por infraccións moi graves, o Conselleiro de Medio Ambiente.

2.- A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves lle corresponde o Concello.

Non obstante , o Alcalde poñera en coñecemento de xeito fidedigno, do Director Xeral de Conservación da Natureza da

Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3.- Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder a retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

#### **CAPITULO IV.- DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENCIA, RENOVACION, INSCRIPCIONS REXISTRALES E AS SUAS MODIFICACIÖNS E CANCELACIONES.**

Artigo 20.- Obxecto.

1.- De conformidade co disposto nos Artigos 15 e 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, do Estado, Reguladora das Facendas Locais , establécese a Taxa por prestación de servicios especiais de expedición de Licencia, as súas renovaci<sup>3</sup>ns, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelaciós.

Artigo 21.- Feito Impoñible.

1.- O feito impoñible da Taxa é a actividade municipal conducente a verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licencia indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que de ela se establece e aqueles outros servicios que se recollen nas Tarifas de esta Ordenanza.

Artigo 22.- Suxeito Pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal e que están obrigados a súa renovación.

2.- En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen a súa explotación , cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

Artigo 23.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os sindicatos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 24.- Devengo

1.- O devengo da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos os que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar a devolución das cantidades autoliquidadas.

#### Artigo 25.- Tarifas.

1.- Licencia de Cans Potencialmente Perigosos. 6 Euros.

2.- Ficha Identificativa individual. 5 Euros (Menos que 1)

3.- Renovación de Licencias. 3 Euros

4.- Inscripción no Rexistro A.P.P. 3 Euros

5.- Inscripción no Censo de Animais de Compañía. 2 Euros (2/3 de 4)

6.- Modificacións Rexistrals. 1 Euro

7.- Cancelación Rexistral. 1,50 Euros

8.- Os actos os que se refiren os epígrafes 1,3,4 e 7, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do Artigo 22, terán un recargo do 20 por cento.

#### Artigo 26.- Ingreso da Taxa.

1.- O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo o acto que o motiva.

#### Artigo 27.- Infraccións e sancións.

1.- En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase o disposto nos artigos, 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **DISPOSICION ADICIONAL UNICA.**

1.- Quedan excluídos da obriga de obtención de licenzia municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados a guía de persoas invidentes.

#### **DISPOSICION FINAL.**

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello".

#### **7.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G., SOBRE O MATADOIRO COMARCAL.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Rexime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 15 de Xullo que di: "Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, da conta da moción presentada polo grupo municipal do B.N.G. e que de seguido transcríbese:

"MOCION DE URXENCIA.

Á vista dos datos que presenta a liquidación da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro referentes á ano 2001, que entrou neste Concello o pasado 28 de xaneiro de 2002 (é inaceptable que a finais de xuño de 2002 non teñamos neste Concello a memoria da mancomunidade para o ano 2001), e repasando os datos dos últimos anos referentes ó servizo do Matadoiro, que resumimos no seguinte cadro:

<b>ANO</b>	<b>1994</b>	<b>1995</b>	<b>1996</b>	<b>1997</b>	<b>1998</b>	<b>1999</b>	<b>2000</b>
Ingresos	13.001.712	20.989.289	32.259.506	33.275.305	26.061.857	36.252.616	49.164.491
Gastos	14.529.022	21.903.343	32.354.142	33.366.505	26.202.438	36.025.986	55.164.491
Total	-1.527.310	-914.054	-94.636	-91.200	-140.581	+226.630	-10.000.000

e analizando a documentación recibida da Mancomunidade a data de 22 de marzo de 2002 onde entre outros están o edicto de 22 de xaneiro de 1999 da "Taxa pola prestación dos servizos de Matadoiro e transporte de carnes" e os convenios asinados entre o Presidente da Mancomunidade e varias empresas privadas (Carnes Viana S.L. 16 de maio de 1999; José Pérez S.C. 20 de outubro do 1999; e José Pérez Rosendo 20 de outubro de 1999), tiramos as seguintes conclusións :



1ª. Nos convenios asinados entre a Presidencia da Mancomunidade (facultado para elo polo artigo 5 das taxas aprobadas polo Pleno) e as tres empresas se produce unha rebaixa nas taxas correspondentes: a Carnes Viana de 26 a 17 pts/kg de vacún, a José Pérez S.C. de 26 a 20 pts/kg, de vacún e a José Pérez Rosendo de 22 a 20 pts/kg de porcino.

2ª. No convenio con Carnes Viana S.L. ademais na clusula 2ª se compromete a Mancomunidade a executar un proxecto de "Melloras Tecnolóxicas do matadoiro e sá de despece anexa" que non sabemos canto costou.

Neste mesmo convenio, na clausula 5ª, cédeuse o uso da sá de despece dándose de baixa na actividade a Mancomunidade e de alta a empresa. Entendemos polo tanto un uso exclusivo da sá de despece por parte de Carnes Viana S.L.. Así mesmo en contrapartida, clausula 4ª, Carnes Viana fai unha entrega a conta de 16.240.000 pts polos servicios que recibe da Mancomunidade.

3ª Da documentación recibida da Mancomunidade en canto ás matanzas realizadas polos distintos carniceiros e empresas tiramos os seguintes datos:

(Táboa adxunta de sacrificio por kilos e anos)

Así mesmo para Carnes Viana no ano 1999 mata 751.045 kg de vacún, no ano 2000 mata 1.825.000 kg de vacún e no ano 2001 mata 2.103.000,0 kg de vacún.

4ª. Dos datos aproximados que sabemos sobre o uso e abuso da depuradora e das multas que as autoridades, a denuncias de Seprona e Medio Ambiente, teñen imposto a unha instalación que estaba deseñada para un máximo de tratamento de residuos correspondentes a 500.000 kg. de matanzas se deduce que cada ano págase de multas do orde de 1.300.000 pts, coa connivencia dos organismos públicos.

Destes datos e doutros que sospeitamos pero non temos documentados se pode deducir:

1º.- A consecuencia deste convenio con Carnes Viana S.L. se produce un aumento brutal nas matanzas do matadoiro que provoca un aumento considerable da plantilla de persoal, gastos de electricidade, mantemento, multas e unha diminución de ingresos de 9 pts/kg (mais de 6,7 millóns no 1999, máis de 16 millóns no 2000 e máis de 18 millóns no 2001). Sendo estes convenios tomados sen acordo Plenario, que por lei é un convenio autorizado para a modificación das taxas.

2º.- Se concede o uso exclusivo da sá de despece sen ter feito un concurso público, que o noso modo de ver é de lei e sen nengún beneficio para a Mancomunidade e demais usuarios.

3º.- Se produce un aumento descomunal no déficit do Matadoiro Comarcal que repercute gravemente na Facenda do Concello de Ribadavia: 2,6 millóns no 2000 e máis de 4,6 millóns no 2001. E ademais se produce un deterioro enorme nas instalacións e unha contaminación galopante no río Avia.

Á vista desta actuación que para nós conculca a lei en aspectos regulados pola Lei de Bases en canto a competencias do Pleno e polo C.P. en cantos as actuacións benefician a un particular en detrimento da colectividade de veciños do Ribeiro e nomeadamente do noso Concello, é polo que propoñemos a este Pleno que tome os seguintes acordos :

1º.- Pedir ó avogado do Concello un informe xurídico sobre os feitos reseñados no que se detallen os pasos legais oportunos para recuperar estas cuotas pagadas polo Concello de Ribadavia, e exercer cantas accións administrativas e legais se propoñan.

2º.- Solicitar ó mesmo avogado un informe xurídico sobre a actuación do Presidente da Mancomunidade na firma destes convenios e exercer as medidas legais que deste informe se deduzcan.

En Ribadavia, a 27 de xuño de 2002.- Asdo.: Francisco Alonso Fernández e Asdo.: Fco.Xabier Carreira Sebío.

#### **RELACION DE SACRIFICIO POR KILOS E ANOS.**

CLASE TOTAL

ANO/KGRS. VACUNO PORCINO OVINO

1995 336441,9 262055 3279,1 601776

1996 354693 525616 5705 886014

1997 357808 563843 5938 927589

1998 325732 569090 9131 930953

1999 1095095 537153 8508 1640756

2000 2146080 359571 6996 2512647

2001 2320421 116946 4304 2441671

TOTAL 6963270,9 2934274 43861,1 9941406

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e B.N.G.; reservanse para o pleno os membros do P.P. e Grupo Mixto.- Por conseguinte, por maioría fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que a razón de volver a presentar dita moción ven determinada para que os concelleiros tiveran tempo de analiza-la documentación; dí que o motivo de presentar a moción ven determinado polo feito de que un servizo que se autofinancia, e así se demostra dos datos económicos do ano 99, pasa a ser deficitario nos anos 2000 e 2001, dicindo que o mesmo veu determinado por un acordo económico cunha empresa privada; dí que dito convenio era descoñecido polos Alcaldes da Mancomunidade, realizáronse sen acordo plenario e descoñecido polo restantes carniceiros da comarca; dí que ten informes xurídicos que establecen que hai indicios dunha conduta delictiva e contraria a lei, indicando que ten constancia que outros Concellos da comarca van a acudir a vía penal; dí que non pide que os membros do P.P. voten a prol da moción, xa que entende que defendan o seu compañeiro de partido, se ben dí que se trata de diñeiro público e institucións públicas e os veciños de Ribadavia merecen unha explicación, polo que lle pide que se absteñan ou ben que fagan unha enmenda a proposta presentada ou que se comprometan a sumarse as denuncias que se presenten sobre este asunto por parte doutros Concellos. Finaliza a súa intervención dicindo que non entende o cambio de postura do grupo de goberno en relación coa anterior lexislatura, sinalando que con este cambio o que se está a producir é o encubrimento dun acto delictivo.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para sinalar que se hai outros Concellos que van actuar, o Concello de Ribadavia será beneficiado de dita actuación. Finaliza dicindo que unha vez que hai acusación particular non é necesario unha nova.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que apoian a moción, indicando que a mesma é moi prudente xa que o único que solicita é a realización dun informe xurídico; dí que o que se fixo neste tema pola Mancomunidade é unha ilegalidade clamorosa, xa que a modificación de ordenanzas fiscais é

competencia exclusiva do Pleno; dí que este tema prantexalle dúas dúbida, unha de porque non se leva o Pleno cando tense unanimidade neste órgano e outra que o déficit do servicio coincide coa rebaixa da taxa a empresa. Finaliza a súa intervención dicindo que o Concello debe actuar xa que con esta decisión saliu perxudicado economicamente.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que non vai a entrar na forma nin no fondo da moción; dí que os Alcaldes si eran coñecedores deste convenios así como os carniceiros da comarca, indicando que o fin dos mesmos era bo e o mellor el houbera feito o mesmo, xa que se aumentaba o número de postos de traballo; dí que o déficit veu determinado pola adaptación das instalacións e pola inversión que houbo que facer polo "mal das vacas tolas", e este foi o motivo para privatización do servicio.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que o Sr. Alcalde salese polo cerros de Ubeda ou atopase en Babia; dí que algúns carniceiros descoñecían o asinamento de ditos convenios e algún foron a matar a outros matadoiros porque lle saía máis barato; dí que os postos de traballo que se crearon eran en precario, se temos en conta o soldo e horario, indicando que moitas veces traballaban de noite. Finaliza a súa intervención dicindo que o artigo 5º da Taxa reguladora do Matadoiro facultase o Sr. Presidente a acadar convenios e acordo pero non a rebaixar as tarifas.

Intervén o Sr. Pérez Iglesias, para facer constar que os traballadores cobraban as horas extraordinarias e non se lle obrigaba a facelas.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obtendose o mesmo resultado polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica desestimada a moción presentada.

#### **8.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocións de urxencias:

**PRIMEIRA.-** "Tendo en conta que a Xunta de Galicia ven de aprobar un plano para a implantación de Areas Comerciais Abertas en certos Concello de Galicia, dentro dos cales non se atopa o Concello de Ribadavia e dada as características da Vila de Ribadavia (existencia de Casco Histórico e Urbano plenamente definido) así como tamén a situación económica do comercio desta Vila e polo que propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que o Pleno do Concello solicite a Consellería de Industria e Comercio a realización dun estudio para a implantación na Vila de Ribadavia dunha Area Comercial Aberta".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade dita moción.

**SEGUNDA.-** "Tendo en conta que estes días estase a proceder o pintado de amarelo a rúa Progreso e outras rúas e dado que o grupo de goberno habia dito que a Ordenanza de circulación non se ía a aplicar ata que se inaugurase a Estación de Autobuses cuestión que non se produxo e dada a oposición veciñal así como a falta de campañas informativas sobre o tema, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno acorda modificar a Ordenanza de Circulación da Vila de Ribadavia no sentido de autorizar o aparcamento na rúa Progreso dende o cruce da rúa Salgado Moscoso a rúa Banda Lira e dende o fin da zona de carga e descarga da Praza de Abastos a rúa Alcalde Meruéndano, no marxen esquerdo dirección Vigo e autorizar asemesmo o aparcamento fronte os Xardinillos".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José

Escudero Estévez e Grupo Mixto); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obtendose o mesmo resultado polo que, polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica desestimada a moción presentada.

Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que convoque canto antes a Comisión para a organización da Feira do Viño do ano 2003.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde a paralización inmediata das obras de acondicionamento dos márxenes do río Avia polas modificacións substanciais que se están a producir na execución do proxecto aprobado polo Concello.

**3º ROGO.-** En relación cun rogo que fixo na pasado comisión informativa de Servicios, dí que o término "cantamañas" referiase o grupo de goberno en non o Sr. Amando Martínez Deaño como se reflexa na acta; dí que o baixo o que se refería debe ser do entorno económico do Sr. Martínez Deaño, polo que reitera o rogo manifestado no senso que se repoñan os catro contenedores o seu lugar orixinal que era a rúa Progreso diante de dito local así como tamen solicita que se faga un estudio sobre ubicación dos contenedores no municipio.

**PREGUNTA.-** Interesaríalle saber que ocorre cunha obra que se está a facer no entorno do ábside de Santiago, solicitando que a obra se axilice polo ben dos propietarios e polo propio entorno do ábside.

Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula a seguinte pregunta:

**PREGUNTA.-** Interesaríalle saber se está arranxado o conflito entre varios veciños de Francelos pola realización dunha obra consistente nunha piscina.

Resposta o Sr. Alcalde: A obra paralizouse; dí que se requeriu o interesado para que presente unha documentación en base o informe do Sr. Aparellador Municipal.

Intervén o Sr. Carreira Sebío para solicitar que cando haxa veciños perxudicados pola actuación doutros, actúese con dilixencia.

Dona Manuela Iglesias Collarte, concelleira do grupo municipal do P.S.O.E., formula o seguinte rogo:

**ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que deixase de funcionar o semáforo existente na zona da Estación de Autobuses ata a súa inauguración, xa que o mesmo solo contribúe a entorpecer a circulación en dita zona.

Don Xosé Prieto Pérez, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula o seguinte rogo:

**ROGO.-** Rogaríalle de novo o Sr. Alcalde que se adopten as medidas oportunas de seguridade na obra existente no entorno da Casa de Cultura co obxecto de evitar males maiores.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se adopten as medidas de seguridade tanto nas obras públicas (obra da Fundación Comarcal) como nas privadas (obra entorno Casa da Cultura); dí que hai que facer cumpri a normativa existente nestas materias.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que dese os pasos oportunos para que puxese en funcionamento a comisión de seguimento que establece o Convenio con Augas de Galicia para a realización das obras de Acondicionamento dos marxenes do río Avia, xa que non se pode facer cambios no proxecto sen a autorización de dita comisión. Finaliza a súa intevención solicitandolle o Sr. Alcalde a paralización de dita obra mentras non se sepa o que se está a facer.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que fixese xestións ou que se buscasen fórmulas para que os traballadores tanto das brigadas como do GRUMIR esten adecuadamente retribuídos.

**4º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que na vindeira comisión de cultura ou de servicios se trate o tema dos locais sociais existentes nos pobos e se establezca unha regulación dos mesmos para a súa utilización polos veciños; dí que haberá que tratar de dota-los de mobiliario e indica que no lle parece de recibo que un centro social como o de Francelos que custou 35 millóns de pesetas atopese pechado e sen dotación de mobiliario.

**5º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que nos vindeiros días se puxeran a traballar a comisión creada para a ubicación do cementerio municipal.

**6º ROGO.-** Reitera os rogos manifestados nas sesións plenarias de maio e xuño pasado e que de seguido transcríbese:

**"ROGO.-** En relación co parque empresarial, di que no ano 92 asinouse un Convenio de cooperación entre o IGVS e o Concello, o cal ten graves incumprimentos, coma por exemplo que non se urbanizaron as 40 hectáreas previstas, que as fases deben ser aceptadas polo Concello, así mesmo di que o Concello asumirá os viais, zonas verdes, deportivas, espacio libre e terá dereito ó 15% das parcelas; di que no propio convenio se recoñece a participación do Concello na determinación dos prezos. Por todo isto di que o Concello é copropietario do parque e polo tanto debe tomar medidas para que se cumpra o convenio, polo que, pensa que existen razóns máis ca suficientes para que os responsables de Xestur ou do IGVS dean ó Concello as explicación pertinentes sobre a situación na que se atopa o parque empresarial, tratanto entre todos de relanzalo de xeito que sexa un parque competitivo. Finaliza a súa intervención reiterando a petición realizada na Comisión Informativa, solicitando ó Sr. Alcalde que poña esta cuestión coma prioritaria.

**ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque as seguintes Comisións que se atopan pendentes: Comisión de Cultura sobre diversas cuestións solicitadas pola anterior concelleira de Cultura e polo seu grupo; Comisión de Obras sobre o expediente de Dona María Antonia Ruíz Alvarez, relativo ás obras no entorno da Casa de Cultura; reunión co avogado para trata-lo tema do contencioso-administrativo do matadoiro; creación da Mesa de Contratación para a elaboración de pregos para a contratación de obras, servicios e subministros; constitución da comisión de veciños para o seguimento do expediente da minicentral do río Brull, en Francelos e a constitución da comisión para estudar e propoñer unha modificación dos Estatutos da Fundación Nosa Señora dos Anxos".

E sendo as dez menos cuarto da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.